

**FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL
RIEGO E A ARTE GALEGA DESDE
O VIGO DA POSGUERRA**



POR
CARLOS L. BERNÁRDEZ

Aquí estamos reunidos algunos de los viejos amigos, sincronizados con la marcha dinámica de Vigo. El estatismo de Santiago lo hemos casi olvidado¹.

A Guerra Civil deixou unha marca dramática nos creadores galegos das xeracións formadas antes de 1936 —como é o caso de Francisco Fernández del Riego— e tivo consecuencias culturais duradeiras, ao xuntar á ausencia de liberdades unha absoluta marxinalización e desprezo polas manifestacións da cultura galega, que, infravalorada e lonxe dun recoñecemento mínimo, irá recuperando pequenas parcelas no terreo da expresión artística e literaria a partir de mediados dos anos corenta. Os artistas e escritores, xa que logo, padecen os efectos da guerra como calquera outro cidadán e tamén ven as posibilidades de expresión artística e literaria limitadas ou fechadas; e —o que é moito máis grave— ao teren que se desenvolver entre unha mesta atmosfera de medo, esta situación leva, nalgúns casos, á desorientación e mais ao inmovilismo mental nun ambiente presidido polo escurantismo e a destrución do máis mínimo indicio da presenza do pasado recente, democrático, republicano ou galeguista.

Porén, a derrota das forzas do Eixe ao final da Segunda Guerra Mundial significará unha lene liberalización do ambiente, o que fará, por exemplo, que moi devagar na

1. Carta de Francisco Fernández del Riego a Luís Seoane, Vigo, 30/01/1947. En liña en Consello da Cultura Galega, Proxecto Epístola, Fondo Luís Seoane

(http://consellodacultura.gal/fondos_documentais/epistolarios/epistola.php?id=53&epistolario=1651) [última consulta: febreiro, 2023].

literatura galega se enxergue unha mínima raiola de luz. Froito desta situación, irán aparecendo revistas poéticas bilingües como *Mensajes de Poesía* ou *Alba* —ilustrada, entre outros, por artistas como Mario Granell, Arturo Souto, Luís Seoane ou Manuel Prego de Oliver—; suplementos culturais como o do xornal santiagués *La Noche* (1949-1950), onde participa Francisco Fernández del Riego con marcado protagonismo —axiña liquidado pola censura—, e as primeiras editoriais e coleccións poéticas da posguerra: Benito Soto, Bibliófilos Gallegos, Monterrey e Galaxia. Todos estes ámbitos de expresión son espazos en que se recuperará nestes anos a nosa produción cultural, así como marco para o encontro e a comunicación entre membros das diferentes xeracións e tamén entre escritores e artistas plásticos.

Cómpre termos en conta que os intelectuais e artistas galegos, con matices xeracionais e ideolóxicos diferentes, se consideraban parte do proceso de recuperación dunha cultura e dunha identidade nacional, a galega, fortemente acosada. Para poderen avanzar precisaban reforzar os elementos de cohesión e de construción —asentar unha tradición, estudar a nosa realidade, consolidar unha cultura propia— e non introducir a ruptura co pasado; ruptura que no noso contexto equivalería á liquidación dun movemento intelectual nacido co Rexurdimento mais aínda feble nos anos anteriores á Guerra Civil, e moito máis como consecuencia do conflito e da represión que trouxo a vitoria dos sublevados.

Debemos entender, pois, a posición dos artistas galegos nun contexto cultural concreto, marcado no seu proceso

de formación e primeira madureza pola recuperación de valores identitarios —Irmandades da Fala, Xeración Nós, Seminario de Estudos Galegos— e pola presenza do compromiso social, que a tensión dos anos trinta acrecentara e que a Guerra Civil e a posguerra mantiveron na memoria dos que viviron estas experiencias tan intensas. Outra característica deste contexto cultural é a estreita sintonía verbo de concepcións culturais entre escritores e artistas plásticos, como a de percibiren a galega como unha cultura nitidamente europea, nórdica, de pendor anticlásico, co celtismo como referente. Así o manifesta, por exemplo, o pintor Carlos Maside nunha entrevista feita por Fernández del Riego (co pseudónimo de Salvador Lorenzana) para a revista *Galicia Emigrante*, que dirixía Luís Seoane en Bos Aires: «Non debemos esquecer que somos nórdicos, nun amplo senso: húmidos, sensuaes e introvertidos. Pouco temos que ver ca arte italiana pre ou post rafaelista, e sí moito cos artistas dos códices i esmaltes irlandeses da primeira idade media, cos románicos do tempo de Xelmírez, cos pintores flamengos do século xv, hastra o tenso realismo do galego-portugués Nuno Gonçalves» (Salvador Lorenzana 1956: 5).

Non esquezamos que o europeísmo é un dos eixes do discurso nacionalista galego desde a Xeración Nós, que reivindica a nosa cultura como un núcleo de identidade que afunde as súas raíces no mundo medieval europeo, céltico, atlántico e contraposto ao clasicismo mediterraneísta. Esta concepción, asentada na tradición cultural galega desde o Rexurdimento (Manuel Murguía, Eduardo Pondal...), reforzada polo pensamento de Vicente Risco e

de filiación romántica, no básico, é asumida polos artistas do Movemento Renovador e segue vixente no contexto cultural da posguerra, quer na Galicia do exilio, quer no propio país.

Como é ben coñecido, despois da Guerra Civil, a vida e o labor cultural de Francisco Fernández del Riego van estar ligados a Vigo, cidade que acolleu a moitas persoas que se viron obrigadas, polo seu inmediato pasado republicano, democrático e galeguista, a abandonaren os seus lugares de orixe, como era o caso de Fernández del Riego. Vigo era unha urbe máis aberta dentro do ambiente abafante deste tempo e, alén diso, alí non había «Goberno Civil», o que implicaba un menor control. Neste contexto debemos ler a prudente referencia do escritor nun dos primeiros contactos epistolares co amigo exiliado Luís Seoane a inicios de 1947, meses despois de reiniciaren a correspondencia logo de máis de dez anos sen contacto directo, con esa alusión aos «vellos amigos» reunidos e «sincronizados coa marcha dinámica de Vigo». A cidade convertérase nun lugar onde especialmente se podía sentir este lento despertar cultural. Xosé María Álvarez Cáccamo evoca moi atinadamente este ambiente cando di, ao lembrar o pai, o escritor Xosé María Álvarez Blázquez:

Horas de tertulia no café *Derby* de finais dos corenta e da década dos cincuenta, situado nun dos primeiros números da rúa Urzaiz. Por alí pasaron Valentín Paz-Andrade, Laxeiro, Luís Viñas Cortegoso, María do Carme Kruckenberg, o doutor Soneira, o pintor Carlos Maside, os irmáns Fernández del

Riego, Álvaro Cunqueiro, Plácido Castro, os irmáns Meixide, Urbano Lugrís, os irmáns Álvarez Blázquez... Ás miñas mans chegou un caderno que inclúe manuscritos e debuxos dalgúns dos participantes daquelas xuntanzas. Eran poemas e bosquexos realizados a xeito de despedida do intelectual nacionalista Plácido Castro del Río. [...] Na libreta figuran poemas de Emilio e Xosé María Álvarez Blázquez e outros sen sinatura. Hai tamén debuxos de Laxeiro e Prego de Oliver. (Álvarez Cáccamo 2008: 66)

Outro testemuño deste momento é o que nos ofrece Álvaro Álvarez Blázquez, que lembraba que nestes anos compartía faladoiro no café Derby con escritores e pintores; entre estes últimos estaban Carlos Maside, Urbano Lugrís, Laxeiro, Manuel Prego de Oliver, Manuel Torres, Virxilio Blanco, Xosé Sesto ou Mario González (Álvarez Blázquez 2002: 51). Como se pode observar, entre os pintores estaban os máis relevantes dos que non padecían o exilio.

Este contexto cultural da cidade, e o de toda Galicia, ten un rico reflexo na obra plástica de artistas como Laxeiro, Carlos Maside, Julia Minguillón ou Xohán Ledo, coa súa variada nómina de retratos de artistas e escritores que evocan vivamente a paisaxe cultural dese tempo. O *Retrato dos fundadores de Galaxia* (Fondo Histórico da Editorial Galaxia, Vigo) de Xohán Ledo dá conta dun dos fitos na reconstrución do tecido cultural galego: a creación en Vigo, no ano 1950, da Editorial Galaxia. Outro testemuño senlleiro que presenta este tecido de relacións persoais e culturais é a galería de retratos de Fernández del Riego,

que pertenceron á súa colección persoal —hoxe na Colección Fernández del Riego (Concello de Vigo)—, entre os que salienta o realizado por Julia Minguillón.

Con todo, este contexto, en plena e dura posguerra, era extremadamente difícil para a cultura galega —desde 1936 e durante os anos corenta as posibilidades de publicación de libros no noso idioma eran escasísimas—, mais en pequenos núcleos comezan a xurdir, como sinalamos, iniciativas de recuperación cultural. Neste sentido hai que ter en conta que a ferida intensa provocada pola Guerra Civil, coa súa carga de morte, persecucións e exilios, e que dun xeito tan dramático batera sobre todo no círculo de relacións persoais e culturais de Del Riego, tivo un efecto demoledor no conxunto da cultura galega e fixo que a tradición literaria no noso idioma pasase por un momento case terminal, ausente o libro galego durante toda a década dos corenta no propio país, en canto o exilio mantiña acesa a chama da continuidade cultural. Esta situación afectará de xeito especial aos membros da chamada Xeración do 36, á que pertence o noso escritor, que en xeral verán interrompida a súa produción en galego, o que provocará que a súa obra comece de novo a circular e a actuar a partir dos anos cincuenta en contacto e diálogo cos primeiros libros dos autores da seguinte xeración. Francisco Fernández del Riego é un exemplo claro deste proceso, pois terá que esperar até 1949, e editado en Bos Aires, para ver publicado o seu primeiro libro, *Cos ollos do noso esprito (ensaios breves)*, e mesmo o segundo, *Galicia no espello* (1954), tamén sairá na capital arxentina, en estreito contacto coa cultura galega do exilio, coa que

recupera unha relación máis fluída a partir de 1947, ao iniciar o contacto epistolar con Luís Seoane.

No que respecta ás artes plásticas, a ligazón dun importante número de pintores co proxecto rexenerador da cultura galega co que está comprometido Francisco Fernández del Riego era moi intensa, algo que testemuñan as iniciativas editoriais e xornalísticas e que se reflicte notablemente na correspondencia do escritor, en especial na que mantén con Luís Seoane e Manuel Colmeiro. De feito, hai cartas en que os artistas plásticos e as publicacións de arte atinxen un papel central. Así, nunha carta sen datar, mais con certeza de 1954, Del Riego solicita a Seoane reproducións dos seus cadros para unha monografía —trátase do volume publicado na colección Monografías de Arte Novo de Galaxia, que sairía con data de «15 de Nadal de 1954»—, e ocupan case a totalidade da epístola as referencias aos volumes de Manuel Colmeiro —publicado o 15 de xaneiro de 1954— e de Carlos Maside —saído o «3 de Santos» de 1954— e mais ao álbum *Catro poemas pra catro grabados* de Luís Seoane, con poemas de Lorenzo Varela:

Mi querido amigo:

Ahí te va una relación de personas a quienes puedes enviar la Revista. A la mayoría de ellos les hablé personalmente, y tienen verdadero interés en que los consideres como suscriptores de la misma.

Conviene que me mandes inmediatamente las reproducciones en colores de tus cuadros. Pero en vez de mandar las planchas, como hiciste con las de Maside, manda las repro-

ducciones ya impresas en color, pues es mucho mejor, ya que aquí tuvimos un verdadero problema con las de Maside. El formato de la monografía será el mismo que la de Colmeiro, que ya conoces, y el número de ejemplares que se hacen es de mil doscientos. De manera que, en dos paquetes puedes enviar todo por mediación de cualquiera que venga. Excuso de decirte que el importe de las planchas y de la impresión corre a cargo de la editorial. De manera que remite la nota de gastos.

Por correo ordinario te envié la Guía de Galicia de Otero. La monografía de Maside saldrá en este mes, y ya te enviaré dos ejemplares. Creo que le gustó muchísimo el libro de Lorenzo, y sobre todo le encantaron tus grabados.

Más adelante te iré escribiendo sobre las otras cuestiones. Saludos muy cariñosos a Maruja, y un fuerte abrazo para tí de Fdez del Riego²

As Monografías de Arte Novo son, pois, un exemplo da ligazón entre o ámbito artístico e o literario, con Fernández del Riego como *factotum*, sempre presente nos contactos e na xestión de toda a colección. Este interese pola plástica galega está na cerna do proxecto de Galaxia; de feito, xa en 1951 as publicacións da nova editorial dan fe da integración da arte no tecido cultural galeguista. Así, é importante a publicación do volume *Pintura actual en Galicia*, número 2 da colección Grial, na que se insiren

2. Carta de Francisco Fernández del Riego a Luís Seoane, Vigo, s/d. En liña en Consello da Cultura Galega, Proxecto Epístola, Fondo Luís Seoane (http://consellodacultura.gal/fondos_documentais/epistolarios/epistola.php?id=399&epistolario=1651) [última consulta: febreiro, 2023].

ensaios sobre arte de Ánxel Johán, Carlos Maside, Luís Seoane, Xohán Ledo, Vicente Risco, Florencio Delgado Gurriarán ou Francisco Fernández del Riego, así como unha enquisa dirixida aos pintores Laxeiro, Manuel Colmeiro, José Palmeiro, Manuel Pesqueira, Isaac Díaz Pardo, Manuel Prego de Oliver e Manuel Torres.

Estas Monografías de Arte Novo da editora viguesa son a achega editorial máis senlleira desta altura ás artes plásticas desde o campo cultural galeguista. Trátase dunha iniciativa de inicios dos anos cincuenta, década en que son editados cinco volumes da colección, dos cales catro contan co deseño de Luís Seoane: *Colmeiro* (1954), con texto de Antonio Bonet Correa; *Maside* (1954), con limiar de Álvaro Cunqueiro e texto de Ricardo García Suárez (Xohán Ledo); *Seoane* (1954), escrito por Domingo García-Sabell; *Eiroa* (1957), cun ensaio de Luís Seoane, e *Seoane grabados* (1965), tamén con texto de García-Sabell.

O primeiro, o libro dedicado ao pintor Manuel Colmeiro, con reproducións de obras en branco e negro e en cor, leva un ensaio dun historiador da arte naquela altura aínda moi novo: Antonio Bonet Correa, que coñeceu o pintor en París a inicios dos anos cincuenta. Sobre a monografía e o autor xa fala o propio Colmeiro en cartas enviadas desde París —en 1951 e 1952— a Francisco Fernández del Riego (Bernárdez 2020: 193). O curioso proceso de publicación desta monografía é moi representativo do modo de traballar dos galeguistas do interior, e de Fernández del Riego en particular, e pódese seguir pola correspondencia enviada desde París por Colmeiro a Del

Riego que se conserva na Biblioteca Penzol en Vigo³. O 9 de xullo de 1951 Colmeiro pídelle a Del Riego información sobre o futuro historiador de arte:

Podrías decirme el nombre si lo sabes de un chico gallego de Santiago que está estudiando aquí, creo que filosofía y letras? Varios pintores españoles me han dicho que tiene interés en verse conmigo y no sabe mi dirección, esos mismos pintores se la olvidan cuando alguien tiene interés en buscarme, pero la saben muy bien cuando tienen que enviarme una invitación o cosa que a ellos les interese. Según me han dicho desea hacer un estudio sobre mi pintura, mucho me temo que justamente por ello le va a ser difícil obtener mi dirección, salvo en alguna galería que la tengan.

Nunha carta do 22 de decembro dese mesmo ano 1951 xa encontramos o contacto realizado, o traballo avanzado e a mediación de Fernández del Riego nítida, aínda que fica claro que o estudo é anterior á definición dunha colección de monografías de arte galega: «Aquí [en París] veo de vez en cuando a Bonet Correa. Está escribiendo un ensayo con intención de enviarlo a la editorial de Pontevedra para que hagan una monografía sobre mi pintura. ¿Qué opinas tú de esto? Pues me interesa saberlo. Yo le he dicho que ya ahí me hablaron de ello y que yo en principio lo hablara contigo, él me dice estar interesado en hacerla. Ya me dirás tu parecer».

3. Correspondencia de Manuel Colmeiro con Francisco Fernández del Riego. 1.1.1.1. Correspondencia dirixida a F.F.R. Arquivo da Fundación Penzol, Vigo.

O 17 de maio de 1952 Colmeiro dille a Del Riego: «Me alegra que te guste el trabajo de Bonet y te agradezco, lo mismo en su nombre, el haberlo copiado». Ese mesmo mes o manuscrito chega ás mans de Ramón Piñeiro, como lle comenta Colmeiro a Del Riego nunha carta o día 21 de maio: «Ya le dije a Bonet Correa que recibí carta de Piñeiro diciéndome ha recibido su trabajo sobre mi pintura, él desea que le mande las fotos lo antes posible pues quiere ver si aparece para este verano el libro. Yo tengo ya listas las fotos que deben ir en el tomito. Hoy o mañana le escribo a Piñeiro. Me gustaría que leyese el trabajo de Correa».

A edición, no entanto, vai demorarse ano e medio máis. Ao longo de 1953 Del Riego visita París e está en estreito contacto persoal con Colmeiro, quen, como testemuña a correspondencia, facilita coas súas xestións a estadía de Del Riego e da súa esposa Evelina na capital francesa. A finais de ano, o 2 de decembro de 1953, Colmeiro dille a Del Riego que esperen algo polas fotografías e algún debuxo para ilustraren o volume e comenta a posibilidade de que o libro sexa editado tamén en castelán e non só en galego: «Espero enviar lo que pueda dentro de unos quince (15) días o antes si es posible. Personas aquí de buen sentido, le hablé de estas monografías por coincidencia, muy amigos de la cultura gallega me dicen que es una lástima no hacer ejemplares en español. Me dieron los mismos razonamientos que yo te dije a ti. ¿No sería bien hacer unos 150 ejemplares en español? Pues el texto es pequeño y no sería costosa la composición. Pensad eso porque puede tener importancia para la difusión de monografías».

Finalmente os volumes foron publicados todos só en galego; a excepción, moi posterior, foi o libro *Seoane grabados*, que saíu do prelo en 1965 con texto bilingüe de Domingo García-Sabell. Máis que un desencontro por razóns lingüísticas, que non existe, o que se percibe son diferentes expectativas entre o escritor e o pintor. De feito, nunha carta enviada desde París o 27 de xaneiro de 1954 —cando o volume xa levaba uns días editado— Colmeiro di: «[...] estando el trabajo tan adelantado no es cosa de hacer innovaciones, es decir tirar ejemplares en castellano, sobre todo si hay que pedir un nuevo permiso, si la edición se agota se podrá hacer una nueva más amplia, es decir incluir cosas nuevas, que era lo que yo pensaba enviar más adelante».

Na correspondencia entre Manuel Colmeiro e Francisco Fernández del Riego aparecen máis testemuños da confluencia dos ámbitos plástico e literario de expresión lingüística galega e vontade galeguista. Así hai que entender a solicitude de Ramón Piñeiro a Colmeiro dun texto sobre a paisaxe na arte galega, que non terá concreción (27/01/1954), e a edición en París, no mesmo 1954, do volume *Poemas Rosalía-Pondal-Curros*, da editorial Monte Medulio. Trátase dun libro con poemas dos tres grandes autores do noso Rexurdimento, acompañados de textos de Ramón Cabanillas, Ramón Otero Pedrayo e Domingo García-Sabell e ilustrados con gravados e debuxos de Manuel Colmeiro, Laxeiro e o escultor español exiliado en París Baltasar Lobo. Nas cartas de Colmeiro a Del Riego dáse conta da evolución do proxecto, no que o papel do pintor é fundamental. Así, o 27 de xaneiro de 1954 di: «Le

mandamos a Domingo y a don Ramón [Otero Pedrayo] las pruebas para corregir, aún no llegaron de vuelta, las de Cabanillas ya hace más de veinte días que llegaron y no pueden mandarse a la imprenta mientras no vienen las otras dos, si por casualidad hablas con Domingo o don Ramón dile si hacen el favor de enviarnos las pruebas corregidas, yo le he escrito al mismo tiempo a cada uno de ellos cuando se le mandaron las pruebas».

Noutra carta (do 22 de febreiro de 1954) Colmeiro consulta dúbidas lingüísticas e ecdóticas sobre os poemas de Pondal que el ilustra —e semella que tamén edita— e segue a laiarse da demora de García-Sabell, pois afirma que «a mí me ha causado estas demoras, me causa, no ya trastornos si no daño». Esa primavera Colmeiro viaxa, para realizar unha exposición, a Bos Aires, onde vivía Laxeiro, que participaba no volume, e a finais de ano (15 de decembro de 1954), aínda en Bos Aires, coméntalle a Fernández del Riego que «inda non se finou o estuche —ou a caixa do libro de Rosalía Pondal Curros». Porén, o volume aparece como editado en París o 15 de outubro dese ano.

A outra grande iniciativa levada a cabo nestes anos por Francisco Fernández del Riego en relación coas artes plásticas foi a concreción dunha importante exposición de artistas galegos en Bos Aires o ano 1951.

A partir dos contactos dos representantes do Centro Galego de Bos Aires con Francisco Fernández del Riego e Valentín Paz-Andrade, decidiuse realizar unha exposición de arte galega na capital arxentina.

A xénese da mostra remóntase a inicios de 1950. Luís Seoane comenta nunha carta a Del Riego (22 de febreiro

de 1950) a posibilidade de realizar unha exposición de Carlos Maside e Laxeiro:

Meu querido amigo: Esperaba enviarche noticias concretas do proxecto de exposición Maside-Laxeiro con esta carta, pero aínda non as teño. Vin as notas túas sobre eles, están moi ben e son eficaces, pero aínda non se publicaron. O pasamento de Castelao trastocou moitas cousas momentáneamente, e aínda que todo esto do *Centro Gallego* non teña nada que ver cos seus plans e cos outros do *Patronato Gallego*, tamén a súa desaparición orixinou un momentáneo trastorno. (Fernández del Riego 2002: 37)

Este proxecto probablemente se forxou nas tres horas que pasou Seoane en Vigo en outubro de 1949, na escala do *Highland Princess*, un navío da Royal Mail Line no que o pintor e a súa esposa Maruxa regresaban de Gran Bretaña cara a Bos Aires, despois de expoñer en Londres, e mesmo levaban algunhas obras realizadas na capital británica.

En Londres Seoane tivera a axuda do intelectual Plácido Castro, xa instalado alí despois da súa marcha de Vigo, quen vai levar a cabo unha importante intervención para facilitar que o seu amigo expoña. A correspondencia enviada recolle como o pintor lle fai chegar a Plácido Castro varias cartas en que lle solicita que realice xestións para conseguir unha sala comercial na que expoñer a súa obra e como é informado polo amigo do contexto galerístico da cidade e das dificultades que comporta o proxecto para un artista descoñecido, como era Seoane na Inglaterra daqueles anos (Bernárdez 2014: 32-33).

Seoane, que vivía exiliado en Bos Aires, vai pasar boa parte do ano 1949 entre París —onde están os seus amigos Manuel Colmeiro e Rafael Dieste— e Londres, e este momento desempeña un papel fundamental na súa mudanza estilística. En París asiste en abril ao Congreso Mundial de Partisanos pola Paz, onde coñece a Picasso, visita o seu obradoiro e contempla unha importante retrospectiva de Matisse. En Londres participa no Congreso sobre Integración das Artes, no que ten ocasión de ouvir a Henry Moore e Fernand Léger.

O breve encontro na viaxe de volta a América é lembrado por Maruxa Fernández, esposa de Seoane: «Sabían os amigos de Vigo que chegabamos porque lles escribimos dende Bos Aires para avisalos e estábannos esperando. Colmeiro, Álvarez Blázquez, Paz Andrade, Laxeiro, fomos comer con eles á taberna do Elixio, o barco saía ás tres. Despois soubemos que quedou aquí anotado pola policía todo canto fixemos durante esas dúas ou tres horas» (Cid Cabido 1994: 112).

Seoane recorda tamén a contemplación de obras de Maside e Laxeiro ese mesmo día cando di nunha carta a Del Riego (2 de xaneiro de 1950): «Só lembro os vosos rostos, os vosos acenos, tan familiares, e que os anos non borrarán da miña memoria, e a espléndida pintura de Maside e de Laxeiro» (Fernández del Riego 2002: 36).

O 22 de maio de 1950 Seoane informa de que un vogal da Xunta Directiva do Centro Galego viaxa a Vigo para, entre outras cousas, tratar con Del Riego a posibilidade de realizar a mostra en 1951. Agora, alén de Maside e Laxeiro, aparece Julia Minguiñón. Sobre a incorporación da pintora, as pala-

bras de Seoane son ben expresivas da posición estética e ideolóxica do intelectual e artista exiliado: «A presenza desta última foi acordada polos membros da Comisión de Cultura contra a miña opinión, pero sin resistencia demais á deles para evitar que se volvesen atrás na invitación a Maside e Laxeiro» (Fernández del Riego 2002: 38).

Finalmente, e froito dos contactos dos representantes do Centro Galego con Francisco Fernández del Riego e Valentín Paz-Andrade, decídese que sexan seis os pintores presentes. Seoane é moi crítico coas posibles escollas e nunha carta do 6 de decembro de 1950 dille a Del Riego:

Para o asunto da exposición de pintura, designarante hoxe oficialmente, con Paz Andrade, para actuar na escolla dos tres pintores que han expor aquí e con Maside, Laxeiro e a Minguillón. O noso criterio é que deben vir pintores que aporten algo novo á pintura de Galicia. Caso no que non están, ó meu xuicio, polo que vin reproducido en fotografía, nin Prego, nin Legísima, nin algúns dos que falou aquí Paz Andrade. Para convidar a estes e a pintores semellantes teríase invitado a outros académicos ou *pompieri* máis coñecidos. Pintores como eses hainos en todos os países por ducias e non representan a pintura do país, e Buenos Aires ten un público moi desperto. Non por nada se inauguran 40 exposicións quincenalmente, e desfilan por esta cidade os pintores coñecidos de todas as partes do mundo. (Fernández del Riego 2002: 45)

Valentín Paz-Andrade, nunha carta a Seoane do día 3 de xaneiro de 1951, parece comprender os criterios do amigo exiliado, mais afirma:

Si se tratara de llevar a la práctica la iniciativa, en su forma primitiva y dual, nos encontraríamos con la imposibilidad práctica de realizarla. Lo mucho que queremos y admiramos a uno y otro [Maside e Laxeiro], no nos impide reconocer, que no disponen de obra para llenar entre los dos una sala de la capacidad de las más frecuentadas en Buenos Aires. Maside por su déficit de salud y Laxeiro por su indisciplina en orden al trabajo, no podrían ofrecer con solo unos meses por delante, la cantidad de obra que se necesita para una exhibición de esta clase.

Cuando advertí que se agregaba el nombre de la pintora de Lugo [Julia Minguillón], me pareció aconsejable ampliar la base de los expositores. Espero que Díaz Pardo y Prego habrán de presentar una aportación digna, que no desentone dentro de la tónica que indudablemente habrá de acusarse en los cuadros de Laxeiro, Maside y, probablemente, Pesqueira Salgado. A iniciativa de Maside, tenemos en principio este nombre en cartera, a reserva de una visita a su estudio del Lantaño, que pensamos realizar en estos días. Iremos concretando lo que se resuelva, pues de Díaz Pardo no he recibido aún respuesta⁴.

Finalmente Manuel Pesqueira, Isaac Díaz Pardo, Manuel Prego de Oliver e o escultor Antonio Faílde son os escollidos para acompañaren a Maside, Laxeiro e Julia Minguillón.

4. Carta de Valentín Paz-Andrade a Luís Seoane, Vigo, 03/01/1951. En liña en Consello da Cultura Galega, Proxecto Epístola, Fondo Luís Seoane (http://consellodacultura.gal/fondos_documentais/epistolarios/epistola.php?id=3051&epistolario=1651) [última consulta: febreiro, 2023].

Nos primeiros meses de 1951, os preparativos continuaron. Seoane pídelle a Del Riego unha breve biografía, notas e fotografías das obras para o catálogo, no que serían reproducidas sen a sinatura do autor (*Artistas Gallegos* 1951: s/p). Despois de recibilo, Seoane destaca a obra de Laxeiro e Maside e é moi crítico en relación cos outros artistas: «O acento orixinal da nosa pintura sigue confirmándose polas fotografías que mandástedes, vanno ofrecer os cadros de Maside e de Laxeiro. Algúns dos outros pintores realizan unha pintura semellante á que fan os *pompier*s de aquí e de todas partes, e fóra da nosa actualidade galega e universal. Síntoo. Non é por ese camiño, como xa o viu Murguía hai máis de 50 anos, por onde chegaremos a unha pintura nosa» (Fernández del Riego 2002: 51).

O comentario de Seoane é un exemplo claro do debate e da posición do gran pintor sobre a realidade da pintura galega e os seus problemas. Seoane salienta que a deslocalización da pintura galega, provocada polo exilio, non favorece a percepción desta actividade artística como un movemento e resalta que os autores da diáspora son, xunto con Maside e Laxeiro, os que «destacarían o valor actual da pintura galega» (Fernández del Riego 2002: 51). Fica claro que a responsabilidade da mostra foi de Paz-Andrade e de Fernández del Riego: «No *Centro Gallego* están recoñecidos pola xestión de Paz Andrade e túa» (Fernández del Riego 2002: 51-52).

Finalmente, a exposición foi aberta o 23 de xullo de 1951 na Galería Velázquez de Bos Aires cunha grande afluencia de persoas á inauguración e nos días seguintes.

O Centro Galego comprou obra de cada artista: *A sesta* de Maside, *Conto de nenos* de Laxeiro, *Natureza morta con sardiñas* de Prego, *A fonte* de Julia Minguillón, *Nacemento* de Díaz Pardo, *Festa na aldea* de Pesqueira e *Cruceiro* de Faílde. Alén diso, Laxeiro vendeu *A dama do abano* á sociedade Hijos del Partido de Lalín, que a doou ao Museo de Belas Artes de Bos Aires.

Seoane apuntou que «Laxeiro e tamén Prego gustan en xeral, e o escultor Faílde é indiscutible, aínda que para min non supera a Eiroa que finou sendo aproximadamente da súa idade». Destaca principalmente a Maside e, en particular, a pintura *A sesta* (Fernández del Riego 2002: 54). Nunha carta do 30 de agosto de 1951 enviada por Seoane a Maside dille así: «Das obras expostas gustaron ao público arxentino e á crítica en xeral as túas, as de Laxeiro, as de Prego e as de Faílde Gago. O cadro que máis se destacaba e o que tivo xuízos máis eloxiosos dos coñecedores foi ‘A sesta’, que adquiriu o Centro Galego para a súa colección, outro teu adquirido con bo acerto pola Sociedade Coruñesa para ser donado ao Museo Nacional de Bellas Artes é ‘A gaiola’» (Seoane 1994: 45).

Este proxecto, moi importante na estratexia político-cultural galeguista e non exento de tensións e desencontros, mostra, como poucos, o papel de Francisco Fernández del Riego no debate e promoción nun momento decisivo para a arte galega do século xx.

En conclusión, podemos afirmar que Fernández del Riego, dentro da súa escrita polifacética e do seu activismo, desenvolveu un esforzo de divulgación e apoio á proxección das artes visuais, labor que non era de ningún

xeito alleo á totalidade do proxecto cultural galeguista. Estas ligazóns plásticas están nitidamente representadas no acervo do museo que leva o seu nome (Colección de Arte Francisco Fernández del Riego, praza da Princesa, 2, Vigo) e que custodia a súa colección persoal, froito das relacións do autor no campo cultural galeguista e tamén da súa proxección posterior como personalidade de referencia na última etapa da súa vida, o que nos leva desde o Castelao das primeiras décadas do século XX até a nova arte galega dos anos oitenta.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ÁLVAREZ BLÁZQUEZ, Álvaro (2002): «Na lembranza dun intenso tempo breve », en *Plácido Castro no centenario*, Baiona, IGADI, 47-52. (Texturas Internacionais, 4).
- ÁLVAREZ CÁCCAMO, Xosé María (2008): *Tempo do pai*, Vigo, Editorial Galaxia.
- ARTISTAS gallegos. Exposición organizada por el Centro Gallego de Buenos Aires*, Bos Aires, Galería Velázquez, 1951.
- BERNÁRDEZ, Carlos L. (2014): *Plácido Castro e a arte galega do seu tempo*, Cambados, Fundación Plácido Castro / Concello de Cambados.
- BERNÁRDEZ, Carlos L. (2020): *Manuel Colmeiro. Espazos e encadramentos*, Vigo, MARCO / Concello de Vigo.
- CID CABIDO, Xosé (ed.) (1994): *Luís Seoane. Unha fotobiografía*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia.
- FERNÁNDEZ DEL RIEGO, Francisco (2002): *Cartas de Luís Seoane desde o exilio*, Sada, Edicións do Castro.
- SALVADOR LORENZANA [Francisco Fernández del Riego] (1956): «O arte galego, na visión de Carlos Maside», *Galicia Emigrante*, 23, Bos Aires, agosto-setembro.
- SEOANE, Luís (1994): *Textos sobre arte galega e deseño*. [Edición de Xosé Díaz]. Vigo, A Nosa Terra.